



CIRCULAR 142-2024

PLAN CORRESPONSABLES 2024

A Federación Galega de Atletismo ten concedida unha subvención da Xunta de Galicia para a implementación do **Plan Corresponsables 2024**. Este programa ten como obxectivo fomentar a práctica deportiva e favorecer a conciliación familiar, con especial atención a aquelas familias con menos recursos.

Para o desenvolvemento do proxecto é necesaria a colaboración dos clubs pertencentes a esta Federación para os que se ofrecen as seguintes condicións e oportunidades:

- **Contratación de persoal**
Posibilidade de contratar ao persoal (do club) necesario para levar a cabo as actividades a través dunha empresa externa
- **Material**
Facilitarase o material necesario para a realización das actividades.
- **Cursos de Primeiros Auxilios**
Impartiranse un curso en cada localidade
- **Xincana**
Organizarase unha actividade complementaria valorada en 1.500€.
- **Cobertura de taxas**
Se fora necesario, aboaranse as taxas de reserva das instalacións.
- **Técnico especializado**
A FGA proporcionará un técnico especializado para impartir xornadas técnicas específicas (segundo dispoñibilidade)

Unha empresa especializada na contratación e xestión de persoal será a encargada de tramitar todas as altas, baixas e calquera incidencia relacionada co persoal que traballará no programa.

É necesario dispor de instalacións para realizar a actividade



PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Levaranse a cabo diferentes actividades lúdico-deportivas e formativas, enfocadas ao Atletismo durante dúas semana

- **Iniciación ao Atletismo**
- **Xogos e torneos**
- **Coñecemento e práctica de diferentes modalidades do Atletismo**
- **Cursos de RCP e primeiros auxilios**
- **Carreiras de obstáculos xigantes (Xincana inchable)**

	Día 1	Día 2	Día 3	Día 4	Día 5	
1ª Hora	Recepción participantes Presentación Explicación da semana Organización dos grupos Reparto camisetas	Modalidade Atletismo 1	Modalidade Atletismo 2	Modalidade Atletismo 3	Modalidade Atletismo 4	
2ª Hora	Xogos					
	Día 1	Día 2	Día 3	Día 4	Día 5	
1ª Hora	Explicación da semana xogos Xornada informativa	Modalidade Atletismo 5	Repaso todas as modalidades	Primeiros Auxilios	Mega Xincana Obstáculos	
2ª Hora						

PROPOSTA DE GRUPOS

Levaranse a cabo xornadas lúdico-deportivas en cada ubicación, organizadas en 3 grupos con un mínimo de 8 participantes e un máximo de 16 participantes por grupo. Este máximo podería ser ampliado no caso de que a demanda o requira. O obxectivo é chegar ao maior número posible de cidades, clubs e participantes.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS CLUBS

Os clubs serán seleccionados en base aos seguintes criterios:

- Solicitudes en orde de chegada**
- Clubs con maior número de licenzas**
- Valoración das instalacións e aportación de monitores**
- Outros factores que se consideren relevantes**



DETALLES DO PROXECTO

- **Datas estimadas**

Setembro - Outubro 2024

- **Ubicacións previstas**

- A Coruña
- Ferrol
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- Santiago
- Valdeorras
- Vigo
- (As ubicacións adicionais definiranse segundo a demanda de participantes)

- **Participantes destinatarios**

Mozas e mozos de 6 a 16 anos, priorizando o acceso ás familias monomarentais, monoparentais, vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller, mulleres en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos ou a unidades familiares nas que existan outras cargas relacionadas cos coidados.

Tamén terase en conta, nos procesos de valoración de acceso ao programa e prestación financiada por este plan, o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que pretendan participar nos mesmos.

- **Persoal do club a contratar**

O persoal deberá ter algunha destas titulacións/cursos:

- Técnicos deportivos
- Adestradores deportivos
- Técnico/a en Actividades Socioculturais
- Monitor de atletismo.
- Monitor/a de ocio e tempo libre
- Técnico/a superior de Animación Sociodeportiva,
- Técnico/a superior en Educación Infantil
- Técnico/a superior en Animación Sociocultural y Turística
- Técnica/o superior en Educación y Animación Sociodeportiva
- Técnica/o superior en Integración Social



Cada actividade será coordinada por un membro da FGA e da empresa contratada.

PLAN CORRESPONSABLE	Localización Cidade	Instalación	Fechas Estimadas	nº grupos	nº participantes	Edades	Duración en días de cada grupo	Duración en h de cada grupo	Horarios Orientativos
1	Ferrol		2 - 6 setembro 9- 13 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	11:30 - 14:00
2	A Coruña		2 - 6 setembro 9- 13 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	11:30 - 14:00
3	Lugo		16-20 setembro 23-27 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
4	Santiago		16-20 setembro 23-27 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
5	Ourense		7-11 outubro 14-18 outubro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
6	Valdeorras		7-11 outubro 14-18 outubro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
7	Vigo		21 -25 outubro 28 -1 novembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
8	Pontevedra		21 -25 outubro 28 -1 novembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
9	Pendiente		16-20 setembro 23-27 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
10	Pendiente		7-11 outubro 14-18 outubro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
11	Pendiente		21 -25 outubro 28 -1 novembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
12	Pendiente		2 - 6 setembro 9- 13 setembro	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
13	Pendiente		Pendiente	3	24 - 48	7-10 10-13 13-16	10	25	16:30 - 19:00
TOTALES				39	Máximo 624		80	325	

Os clubs interesados en colaborar, deberán cubrir o formulario que se adxunta e envialo a secretaria@atletismo.gal coa maior brevidade posible para coordinar as acción oportunas.

https://docs.google.com/forms/d/10optrhKSIm2_ZFwfz6lqjS8cE3IEopwUmhST3VKO-V4/edit



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Para calquera dúbida ou cuestión relacionada co Plan Corresponsables 2024 da Federación Galega de Atletismo contactar con Carlos López - 634 804 466

Yolanda González Fernández

Secretaria Xeral